

**REGULAMENTO
DE RÉXIME INTERNO DO
CONSELLO DE GOBERNO**

(Aprobado no Consello Goberno do 27-01-2004)

(Modificado no Consello Goberno do 23-07-2007)

(Modificado no Consello Goberno do 18-01-2011)

(Modificado no Consello de Goberno do 20-11-2020)

(Modificado no Consello de Goberno do 11-03-2022)

CAPÍTULO I

NORMAS XERAIS

Artigo 1. *O Consello de Goberno.*

1. O Consello de Goberno é o órgano de goberno da Universidade, que establece as liñas estratéxicas e programáticas da mesma, así como as directrices e procedementos para a súa aplicación nos ámbitos de organización das ensinanzas, investigación, recursos humanos e económicos e elaboración dos orzamentos, e a quen lle corresponden as funcións previstas na Lei Orgánica de Universidades e as que establecen os Estatutos da Universidade de Vigo.

2. O Consello de Goberno actúa en pleno e en comisións estables ou para asuntos específicos, e pode así mesmo delegar cuestións concretas nos Consellos de Campus.

Artigo 2. *Funcións.*

Correspóndenlle ao Consello de Goberno, segundo o artigo 16 dos estatutos, as seguintes funcións:

- a) aprobar o seu regulamento de réxime interno.
- b) establecer as liñas estratéxicas e programáticas da Universidade e aprobar a ordenación xeral da actividade académica e investigadora, así como as directrices e os procedementos para as aplicar.
- c) asistir á reitora ou ao reitor en todos os asuntos da súa competencia.
- d) aprobar todas as normativas que non sexan competencia do Claustro.
- e) propoñerlle ao Claustro os proxectos de normativa electoral.
- f) determinar as condicións de validacións de títulos e aprobar a creación de títulos e de diplomas propios.
- g) aprobar a creación, modificación e supresión de departamentos, de acordo cos regulamentos correspondentes aprobados polo Claustro e darlle conta a este.
- h) tramitar e propoñerlle á Xunta de Galicia a creación, modificación ou supresión de centros e de unidades docentes e de I+D+i, segundo o informe preceptivo do Claustro.
- i) aprobar as propostas de creación das novas titulacións oficiais de grao da Universidade de Vigo, así como a facultade ou escola a que se adscribe esa titulación, segundo o informe preceptivo do Claustro.
- j) aprobar as propostas de novas titulacións oficiais de máster e de doutoramento.
- k) aprobar os proxectos de orzamento, segundo o informe preceptivo das liñas xerais do Claustro, as contas anuais da Universidade para o seu trámite ao Consello Social e as transferencias de créditos entre os diversos conceptos dos capítulos de operacións correntes e de capital.
- l) elaborar a proposta de programación plurianual, segundo o informe preceptivo do Claustro.
- m) promover a creación ou a participación na constitución de empresas, fundacións ou outras persoas xurídicas, de acordo coa lexislación aplicable.
- n) autorizar a sinatura dos convenios de especial relevancia e todos os demais nos termos que se determinen na normativa interna da Universidade.
- ñ) convocar eleccións para a renovación total ou parcial do Claustro Universitario.
- o) acordar a creación de novos servizos, así como a súa modificación ou supresión, e informar ao Claustro e ao Consello Social sobre estes acordos.
- p) aprobar as memorias para as solicitudes de verificación dos títulos oficiais e enviárllelas aos órganos competentes.
- q) propoñerlle ao Claustro as normas relativas ao réxime disciplinario dos membros da comunidade universitaria.
- r) conceder e, se é o caso, retirar as distincións honoríficas da Universidade, nas circunstancias e nas condicións determinadas regulamentariamente.

- s) determinar a capacidade dos centros e os seus sistemas de acceso e propoñerlle ao Consello Social as normas que regulen a permanencia do alumnado na Universidade.
- t) aprobar os cadros de PDI e de PAS.
- u) decidir, respectando as previsións legais, a provisión de prazas vacantes por concurso de acceso entre acreditadas ou acreditados e profesorado do corpo correspondente ou de superior categoría.
- v) acordar as propostas de incorporación do profesorado, consonte o disposto nestes estatutos, e elaborar a normativa de nomeamento e actuación das comisións de contratación de profesorado.
- w) promover a constante mellora da calidade da Universidade.
- x) elixir entre os seus membros os que deban formar parte do Consello Social, así como elixir os membros das demais comisións para as cales está prevista a designación dos seus membros no Consello de Goberno, nestes estatutos ou nos regulamentos que os desenvolvan.
- y) calquera outra función ou competencia que lle sexa atribuída ou recoñecida pola lei, por acordo do Claustro, por decisión da reitora ou reitor, polos estatutos ou polas disposicións que os desenvolvan.

Artigo 3. Composición.

1. O Consello de Goberno estará composto por:

- a) A reitora ou o reitor, que o presidirá e convocará, a secretaria ou o secretario xeral, que tamén o será do Consello de Goberno, e a persoa que ocupe a xerencia.
- b) Quince membros designados pola reitora ou o reitor, entre os cales deben estar necesariamente as vicerreitoras e/ou os vicerreitores.
- c) Vinte membros elixidos polo Claustro de entre os seus membros, dos cales dez formarán parte do persoal docente e investigador, oito deles doutores con vinculación permanente á universidade, oito estudantes e dous membros do persoal de administración e servizos.
- d) Quince membros elixidos polo Claustro, entre as persoas que desempeñen a dirección dos centros e das unidades docentes e de I+D+i.
- e) Tres membros do Consello Social non pertencentes á comunidade universitaria.
- f) Recoñécese a presenza con voz pero sen voto de catro representantes sindicais, un da forza sindical máis votada entre o PDI funcionario, outro da forza sindical máis votada entre o PDI laboral, outro da forza sindical máis votada entre o PAS funcionario e outro da forza sindical máis votada entre o PAS laboral. Os representantes sindicais membros do Consello de Goberno poderán asistir ás sesións das comisións delegadas con voz pero sen voto.

2. Os membros do Consello de Goberno serán elixidos para un período de 4 anos, agás a representación do alumnado, que o será por dous, e consonte ás seguintes normas:

- a) Os membros do Consello de Goberno aos cales se refire o apartado c) do parágrafo anterior serán elixidos polo Claustro, dentro do sector correspondente, segundo o establecido polo Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Vigo, garantindo, na medida do posible, a presenza de todos os campus e ámbitos de coñecemento.
- b) Os membros do Consello de Goberno aos cales se refire o apartado d) do parágrafo anterior serán elixidos por todo o Claustro, segundo o establecido polo Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Vigo, garantindo, na medida do posible, a representación de todos os campus e ámbitos de coñecemento.
- c) Os membros do Consello de Goberno indicados no apartado e) do parágrafo anterior serán designados polo Consello Social entre os seus membros non pertencentes á comunidade universitaria.

3. En todo caso, o Consello de Goberno deberá tender a unha composición equilibrada entre homes e mulleres, para o que se atenderá ao establecido polo Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Vigo, que rexerá en todo o non disposto no presente regulamento sobre os procedementos electorais relativos ao Consello de Goberno.

Artigo 4. *A condición de membro do Consello de Goberno e a súa perda.*

1. Todos os membros do Consello de Goberno teñen o dereito e a obriga de asistir ás sesións deste Consello, así como ás comisións da mesma ás que pertencen.
2. A condición de membro do Consello de Goberno é persoal e indelegable, perdéndose por:
 - a) finalización legal do mandato,
 - b) dimisión ou pedimento propio,
 - c) perda das condicións de elixibilidade,
 - d) falecemento ou xubilación do/a titular,
 - e) calquera outra causa legal sobrevida,
 - f) mandato xudicial,
 - g) incumprimento reiterado das obrigas propias da dita condición.
3. No caso de que un membro elixido do Consello de Goberno perda a súa condición de tal, a substitución farase mediante o indicado no Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Vigo.
4. En caso de ausencia, enfermidade ou calquera outra causa de forza maior que impida a súa asistencia, poderán ser substituídos os seguintes membros:
 - a) o/a reitor/a, no exercicio da presidencia, polo/a vicerreitor/a designado/a con anterioridade e, no caso de non ser designado/a, polo/a vicerreitor/a de máis antigüidade no cargo dentro da universidade, e
 - b) o/a secretario/a xeral, polo/a vicerreitor/a designado/a polo/a reitor/a para que realice as súas funcións.

CAPÍTULO II DO PLENO DO CONSELLO DE GOBERNO

Artigo 5. *Convocatoria do Consello de Goberno.*

1. A convocatoria do Consello de Goberno corresponde á reitora ou ao reitor, quen deberá convocalo, así mesmo, cando sexa solicitado, polo menos, por un vinte por cento dos seus membros, debendo indicar as persoas que o soliciten o punto ou puntos que desexen tratar na sesión.
2. As sesións do Consello de Goberno poden ser ordinarias ou extraordinarias, debendo celebrarse as primeiras polo menos unha vez ao trimestre e, en ambos casos, en días administrativamente hábiles na Universidade de Vigo.
3. Para que a convocatoria produza efecto deberase poñer en coñecemento de todos os seus membros mediante comunicación na que se fará constar a orde do día e, así mesmo, data, hora e lugar da reunión. O secretario ou secretaria xeral informará a comunidade universitaria por vía electrónica da convocatoria.
4. A convocatoria contendo a orde día será posta a disposición dos seus membros por vía electrónica cunha antelación mínima de noventa e seis horas, agás no caso da sesión extraordinaria e urxente, onde ese prazo mínimo poderá reducirse a corenta e oito horas.
5. A documentación necesaria para o desenvolvemento da sesión estará a disposición dos membros do Consello de Goberno en formato electrónico nos mesmos prazos sinalados no parágrafo anterior,

sempre que sexa posible. En todo caso, esta documentación tamén poderá ser consultada polos membros do Consello de Goberno, no mesmo prazo, na Secretaría Xeral da Universidade.

6. O aviso da posta a disposición da convocatoria remitirase á dirección electrónica que posúa cada membro proporcionada pola Universidade, agás que comuniquen expresamente unha dirección distinta á Secretaría Xeral.

7. Cando a natureza dos asuntos que se van tratar así o requira, a reitora ou o reitor poderá convocar a calquera membro da comunidade universitaria ás sesións do Consello de Goberno, con voz pero sen voto.

8. Así mesmo, á proposta da Reitoría, ou do propio Consello de Goberno, deberán ser invitados ás súas reunións, con voz pero sen voto, todos aqueles membros da comunidade universitaria interesados en asuntos específicos e que poidan resultar afectados polos eventuais acordos que se adopten.

Artigo 6. *Orde do día.*

1. A orde do día será elaborada polo reitor/a, quen decidirá así mesmo sobre a alteración da orde de discusión dos puntos da orde do día, se procede, así como sobre o ordenamento dos debates e calquera outra cuestión que se lle encomende no presente Regulamento.

2. Na orde do día figurarán os puntos de aprobación da acta da sesión ou das sesións anteriores, o informe do reitor ou reitora e rogos e preguntas, salvo que a sesión do Consello de Goberno sexa extraordinaria.

3. Deberán incluírse na orde do día os puntos que previamente solicitasen por escrito o dez por cento dos membros do Consello de Goberno.

Artigo 7. *Constitución do Consello de Goberno.*

1. O Consello de Goberno constitúese validamente en primeira convocatoria coa asistencia da maioría absoluta dos seus membros e en segunda convocatoria, media hora máis tarde, cando asistan, polo menos, un terzo dos mesmos, excepto naqueles casos en que os Estatutos da Universidade ou o presente Regulamento requiran a existencia de quórum cualificado. De non conseguir o quórum sinalado na segunda convocatoria, convocarase unha nova sesión que deberá celebrarse nun prazo máximo de 30 días hábiles.

2. A asistencia ao Consello de Goberno xustificarase pola sinatura das listas de quórum habilitadas polo/a secretario/a do mesmo para tal efecto, contrastándoas a Mesa co número dos presentes no local da sesión.

3. Todo membro do Consello de Goberno estará obrigado a se identificar cando sexa requirido para tal fin pola Mesa, que asumirá a responsabilidade de calquera fraude ao respecto.

4. En todo caso, as sesións do Consello de Goberno estarán abertas aos membros da comunidade universitaria, habilitándose a estes efectos prazas perfectamente delimitadas e separadas.

Artigo 8. *Desenvolvemento das sesións.*

1. A reitora ou o reitor, ou quen faga as súas veces, presidirá o pleno do Consello de Goberno, interpretando o presente Regulamento en casos de dúbida ou omisión, e actuará asistida/o dunha Mesa integrada polo secretario ou secretaria xeral, a persoa que ocupe a xerencia e as persoas que ocupen vicerreitorías e formen parte do pleno. Corresponde o reitor ou reitora, no exercicio da presidencia do Consello de Goberno, a apertura da sesión.

2. A reitora ou o reitor dirixirá e ordenará os debates, podendo fixar o tempo de debate para cada tema e, en función dos pedimentos de palabra, determinará a duración de cada intervención. Se a reitora ou o reitor, ou a maioría dos presentes, estimasen que o tema non queda suficientemente debatido, poderase prolongar o tempo de debate inicialmente previsto, de ser o caso.

3. Os membros do Consello de Goberno teñen dereito ao uso da palabra en relación a calquera punto da orde do día, sen que ninguén poda ser interrompido cando fale, senón para ser chamado á orde ou a cingirse ao tema pola reitora ou o reitor, quen poderá retirarlle o uso da palabra despois de dúas chamadas á orde.
4. A reitora ou o reitor concederá o dereito de resposta por alusións, de estimalo procedente, durante o período de tempo que fixe, nunca inferior a un minuto.
5. No suposto de excesiva duración da sesión do Consello de Goberno, a reitora ou o reitor disporá a súa interrupción, e fixará a data e a hora en que deberá continuarse.

Artigo 9. *Adopción de acordos.*

1. Nas materias da súa competencia, o Consello de Goberno tomará as súas decisións en forma de acordos, que esgotan a vía administrativa, que son impugnables directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, e que serán executados polo reitor ou pola reitora; adoptando, nos outros casos, mocións ou propostas non vinculantes para o reitor ou reitora, no exercicio das súas competencias.
2. Os acordos adoptaranse pola maioría simple de votos a favor dunha proposta, salvo no disposto expresamente para determinados temas neste Regulamento. Non se adoptarán acordos válidos se no momento da votación non estivesen presentes un terzo dos membros do Consello.
3. As votacións poden ser por asentimento coa proposta formulada, públicas a man alzada, ou necesariamente secretas cando o así solicite algún membro presente do Consello de Goberno ou cando afecten nominalmente a persoas, non admitindo a delegación de voto, nin o voto anticipado, nin o voto por correo.
4. Serán nulos os acordos adoptados sobre asuntos que non figuren incluídos na orde do día, sen prexuízo do previsto no artigo 17.4 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
5. Non poderá recaer acordo do Consello de Goberno cando afecte especialmente a un centro, departamento ou instituto cuxo/a decano/a/ ou director/a que o represente non foi citado de audiencia directa.

Artigo 10. *Actas.*

1. A secretaría do Consello de Goberno redactará acta de todas as súas sesións.
2. En cada acta figurarán inescusablemente:
 - a) os membros do Consello de Goberno que asistiron á sesión, nominalmente designados, subliñando as ausencias xustificadas.
 - b) a orde do día.
 - c) os acordos e propostas, especificando se foron adoptados por unanimidade ou por maioría, facendo constar o número exacto dos votos emitidos, o sentido dos mesmos e as abstencións.
3. Na acta incluíranse os textos literais dos acordos e propostas e un resumo dos informes e debates, así como calquera mención relacionada cos puntos da orde día que os membros do Consello de Goberno, individual ou colectivamente, desexen que figuren expresamente, para o que presentarán por escrito o correspondente texto, na mesma sesión ou, de non ser posible, no día hábil seguinte.
4. Cada acta será asinada polo secretario ou secretaria do Consello de Goberno co visto e praxe da presidencia da sesión correspondente.
5. Os acordos correspondentes a cada sesión do Consello de Goberno publicaranse no taboleiro electrónico oficial ou, no seu defecto, no taboleiro correspondente, comunicándose por vía electrónica a todos os membros da comunidade universitaria, no prazo de catro días hábiles tras a finalización da sesión do Consello de Goberno.

6. As actas aprobaranse na mesma ou seguinte sesión ordinaria do Consello de Goberno. A este efecto, a secretaría remitirá a acta a todos os membros do Consello de Goberno que asistiran á sesión, polo menos, catro días hábiles antes da sesión onde se propoña a súa aprobación. As obxeccións que propoñan os membros deberán presentarse por escrito no Rexistro Xeral cunha antelación mínima de vinte e catro horas do inicio da sesión.

7. As actas de cada sesión, unha vez aprobadas, incluíranse no libro de actas, que quedará baixo a custodia do secretario ou secretaria xeral que permitirá a súa consulta a calquera membro da comunidade universitaria. As actas aprobadas faranse públicas na web da Universidade.

Artigo 11. *Certificacións dos acordos e propostas.*

1. Só darán fe dos acordos e propostas do Consello de Goberno as certificacións expedidas pola secretaría.

2. As certificacións poderán expedirse:

- a) de oficio,
- b) por requirimento do Claustro da Universidade, dos órganos das administracións públicas ou de órganos xudiciais no exercicio das súas competencias,
- c) a instancia de calquera persoa interesada, en cuxo caso o contido das certificacións versará sobre a parte decisoria dos acordos e propostas.

3. A notificación administrativa de calquera asunto que fose sometido ao Consello de Goberno comprenderá o acordo literal tomado por este.

4. Ademais do disposto no parágrafo anterior, a secretaría do Consello de Goberno deberá notificar aos membros da comunidade universitaria os acordos tomados que lles afecten especificamente.

5. Nas certificacións de acordos adoptados, emitidos con anterioridade á aprobación da acta, farase constar expresamente tal circunstancia.

CAPÍTULO III DAS COMISIÓNS DELEGADAS DO CONSELLO DE GOBERNO

Artigo 12. *Comisións delegadas.*

1. Sen prexuízo das comisións específicas creadas polo Consello de Goberno, na forma que se determine, para tratar temas concretos, créanse as seguintes comisións estables, elixidas entre os membros do Consello de Goberno:

- a) de organización académica e profesorado.
- b) de planificación e asuntos económicos.
- c) de investigación e transferencia.
- d) de extensión universitaria e estudantes.

2. As comisións delegadas terán carácter consultivo, sendo executivas só mediante delegación expresa do Consello de Goberno, e serán presididas polo/a reitor/a, ou persoa en quen delegue.

3. Sen prexuízo das funcións específicas de cada unha das comisións, a súa misión consiste en preparar as decisións do Consello de Goberno a través do estudo e informes previos dos asuntos correspondentes aos seus ámbitos de competencias, garantíndose unha axeitada publicidade das súas convocatorias, así como dos acordos adoptados nas mesmas.

4. Os informes emitidos por estas comisións non terán carácter vinculante respecto das decisións do Consello de Goberno.

5. Será tamén competencia destas comisións informar ou elaborar propostas sobre os asuntos do seu ámbito que lle presenten a reitoría, unha vicerreitoría ou o propio Consello de Goberno.

Artigo 13. *Composición e membros das comisións delegadas.*

1. Todas as Comisións delegadas estables do Consello de Goberno estarán integradas por:
 - a) a persoa que ocupe a vicerreitoría ou vicerreitorías das áreas relacionadas coa comisión.
 - b) cinco docentes, garantindo, na medida do posible, a presenza de membros non pertencentes ao sector do profesorado doutor con vinculación permanente á universidade.
 - c) dúas persoas representantes do alumnado.
 - d) un membro do persoal de administración e servizos.
 - e) unha persoa representante do Consello Social.
2. Garantirase na medida do posible que estean presentes todos os campus e ámbitos de coñecemento en cada comisión, no conxunto da representación dos apartados a), b), c), d) sinalados no parágrafo anterior, debendo tender, en todo caso, a unha composición equilibrada entre homes e mulleres.
3. A elección, dentro de cada un dos sectores, farase de entre os que figuran nunha lista única de cada sector, que se elaborará despois de abrir un prazo de presentación de candidaturas para as distintas comisións estables, debendo figurar nas listas o campus e ámbito de coñecemento ao que estean asignadas as persoas candidatas.
4. Cada elector ou electora poderá dar o seu voto como máximo a un número de candidatos ou candidatas equivalente ao setenta por cen ou porcentaxe máis próxima ao número que corresponda a cada sector, de acordo coa porcentaxe seguinte:
 - a) cinco membros do profesorado, votándose como máximo a catro (dous por xénero).
 - b) dous membros do alumnado, votándose como máximo a un.
 - c) un membro do PAS, votándose a un.
5. De conformidade co apartado anterior, en cada papeleta determinarase o número máximo de candidatos/as que se pode votar e, no seu caso, o límite por xénero.
6. A emisión de voto será directa e secreta. O dereito de sufraxio é persoal e intransferible. Non se admitirá a delegación de voto, nin o voto anticipado, nin o voto por correo.
7. Os membros do Consello de Goberno que non sexan membros natos das comisións delegadas só poderán formar parte dunha comisión. No caso de quedar sen cubrir algún posto, procederase a unha nova elección na que non será aplicable esta limitación.
8. A calidade de membro dunha comisión estable do Consello de Goberno é indelegable. No caso de que se produzan vacantes, cubriranse mediante nova elección.
9. As renovacións das comisións estables levaranse a cabo cada catro anos, agás no caso dos representantes do alumnado que terá lugar cada dous anos.
10. A asistencia as sesións das comisións delegadas é obrigatoria para os seus membros, perdéndose a condición de tal polas mesmas causas indicadas no parágrafo segundo do artigo 4, así como pola perda da condición de membro do Consello de Goberno.

Artigo 14. *Sesións das comisións delegadas.*

1. As comisións delegadas elixirán un secretario ou unha secretaria de entre os seus membros, que redactará acta dos acordos adoptados en cada sesión da comisión.
2. A presidencia convocará as sesións das comisións delegadas cando o acorde o Consello de Goberno, por iniciativa propia ou cando o solicite por escrito un terzo dos membros da comisión, por escrito, polo menos, con corenta e oito horas de antelación ás sesións e debendo celebrarse en días administrativamente hábiles na Universidade de Vigo.
3. As comisións delegadas entenderanse validamente constituídas en primeira convocatoria pola maioría absoluta dos seus membros e en segunda cun terzo dos seus mesmos.
4. Os acordos, informes e propostas das comisións delegadas serán adoptados por maioría simple, e será preciso que na votación exista o quórum antes referido.

Artigo 15. *A Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP).*

A Comisión de organización académica e profesorado será competente para:

- a) estudar os asuntos referentes á coordinación de campus e centros adscritos á Universidade,
- b) informar sobre a constitución, creación, desenvolvemento, modificación e supresión dos departamentos,
- c) informar sobre a viabilidade académica das propostas dos planos de estudos e titulacións de grao oficiais, para a súa homologación, validación e implantación, con anterioridade ao seu estudo polo Consello de Goberno,
- d) informar a aprobación, coordinación e desenvolvemento das ensinanzas conducentes a titulacións propias da Universidade de Vigo,
- e) propoñer os criterios de resolución de solicitudes de validación de estudos en centros desta ou doutras universidades,
- f) informar a oferta anual de prazas (límite de prazas),
- g) informar as propostas de organización docente da Universidade,
- h) estudar e coordinar a oferta educativa anual de materias optativas e de libre elección, así como o estudo da aceptación de cada unha delas por parte do alumnado,
- i) estudar e informar as propostas feitas polos departamentos e centros relativa á creación, renovación e mantemento dos obradoiros e laboratorios docentes,
- j) velar por unha dotación adecuada de prazas de profesorado,
- k) informar as peticións dos departamentos en relación coas novas prazas e contratos de profesorado,
- l) informar as normas xerais de actuación das comisións para xulgar as prazas de profesorado interino, contratado e axudante, antes da súa aprobación polo Consello de Goberno,
- m) informar as propostas de nomeamento de profesorado emérito feitas polos departamentos, así como a revisión da prórroga destes nomeamentos,
- n) informar as propostas de contratación de profesorado lector como parte do persoal dos departamentos nas áreas de coñecemento de linguas modernas ou estranxeiras,
- o) informar a proposta do cadro do persoal docente e investigador,
- p) organizar e realizar o seguimento da avaliación anual da actividade docente,
- q) propoñer os programas de formación do profesorado necesarios e todas aquelas accións encamiñadas a elevar a calidade da docencia,
- r) informar a creación, modificación ou supresión de centros,
- s) facer o seguimento da avaliación institucional a través dos diferentes programas nos que participe a Universidade que sexan da súa competencia,
- t) informar os proxectos de regulamentos e normativa da súa área de competencia, así como actualizar e/ou modificar as normativas de xestión académica e de permanencia e avaliación curricular de ser o caso.

Artigo 16. *A Comisión de Planificación e Asuntos Económicos.*

1. A Comisión de planificación e asuntos económicos terá competencia para:

- a) avaliar a demanda social, os recursos materiais e humanos con que conta a Universidade de Vigo e os que precisa para o desenvolvemento completo dos planos de estudos, así como as disponibilidades existentes para o seu ensino dentro da programación plurianual da Universidade de Vigo,
- b) estudar os proxectos de instalacións, equipamentos e mantemento que non se financien co orzamento anual da Universidade,
- c) informar os cadros de persoal funcionario e laboral de administración e servizos,

- d) estudar as propostas de orzamentos ordinarios e informar sobre as necesidades de orzamentos extraordinarios e adicionais que lles sexan presentados,
- e) informar das contas anuais e da liquidación do orzamento,
- f) analizar as modificacións orzamentarias e transferencias de crédito,
- g) avaliar e informar da realización de obras de ampliación, reparación e mellora dos diferentes centros da Universidade, que sexan con cargo ao orzamento da Universidade,
- h) elaborar propostas de distribución de fondos que sexan da súa competencia e informar os pedimentos que, referentes a estes fondos, lles sexan formulados,
- i) informar os proxectos de regulamentos e normativas da súa área de competencia.

2. En execución do Plan de medidas antifraude aplicable aos proxectos da Universidade de Vigo financiados con fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, corresponderalle á Comisión de Planificación e Asuntos Económicos do Consello de Goberno o exercicio das seguintes funcións:

- a) velar polo correcto desenvolvemento e cumprimento do plan, así como analizar o seu funcionamento e propor modificacións.
- b) coordinar e programar as accións para a súa implementación.
- c) realizar a revisión periódica do cuestionario de autoavaliación do nivel de risco.
- d) actualizar o sistema de indicadores ou bandeiras vermellas para a detección de supostos de fraude ou de corrupción na execución de proxectos financiados con fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por proposta do/da responsable do cumprimento.
- e) informar periodicamente ao Consello de Goberno sobre as actuacións realizadas en execución do Plan de medidas antifraude.
- f) a investigación, a avaliación e a cualificación dos supostos de fraude sistémica.

3. A persoa que ocupe a Xerencia formará parte, como membro nato, da Comisión de Planificación e Asuntos Económicos.

Artigo 17. *A Comisión de Investigación e transferencia.*

A Comisión de investigación e transferencia terá competencia para:

- a) elaborar, con táboas de criterios obxectivos, a proposta de distribución de parte do orzamento da Universidade entre os diferentes departamentos, institutos e centros de investigación,
- b) propoñer ao Consello de Goberno a distribución doutra parte do orzamento de investigación para financiar total ou parcialmente proxectos de especial interese,
- c) determinar os tipos e condicións das convocatorias dos diversos programas de axuda á investigación, para os efectos de realizar propostas diante do Consello de Goberno,
- d) determinar os tipos e condicións das convocatorias dos diversos programas de axuda e convocatorias de bolsas propias para a transferencia, para os efectos de realizar propostas diante do Consello de Goberno,
- e) propoñer a resolución das solicitudes presentadas ás diversas convocatorias dos programas de investigación da Universidade de Vigo,
- f) propoñer a resolución das solicitudes presentadas ás diversas convocatorias dos programas de axuda e convocatorias de bolsas propias para a transferencia da Universidade de Vigo,
- g) informar a creación de institutos universitarios, así como a súa coordinación e control,
- h) informar os proxectos de regulamentos e normativas da súa área de competencia.
- i) informar ao reitor ou reitora sobre as propostas de transferencia de tecnoloxía e patentes,
- j) informar os proxectos de regulamentos e normativas da súa área de competencia,
- k) propoñer medidas que fomenten a promoción, avaliación, divulgación e recoñecemento das actividades de transferencia de coñecemento en todos os ámbitos da Universidade de Vigo.

- l) ditar os informes que procedan cara a creación de parques tecnolóxicos, centros tecnolóxicos, empresas de base tecnolóxica e viveiros de empresas.
- n) avaliar as axudas relacionadas co Doutoramento Industrial.
- ñ) aprobar os modelos oficiais para a tramitación de las actividades de transferencia.

Artigo 18. *A Comisión de Extensión Universitaria e Alumnado.*

A Comisión de extensión universitaria e estudantes terá a competencia para:

- a) informar as propostas para o desenvolvemento das iniciativas de proxección das funcións e servizos da institución universitaria ao seu contorno social,
- b) informar e propor as iniciativas de atención á defensa, desenvolvemento e difusión da cultura galega desde a institución universitaria,
- c) propoñer a organización de actividades de extensión universitaria,
- d) informar e propor o reparto de partidas orzamentarias que correspondan ás vicerreitorías da súa área de competencia,
- e) informar e propoñer normas sobre a organización dos servizos xerais de atención á comunidade universitaria,
- f) elaborar e propor medidas de información e asesoramento ao alumnado,
- g) informar sobre a convocatoria e aprobación dos programas de intercambio,
- h) informar as distintas solicitudes de colaboración coa Oficina do Voluntariado,
- i) estudar as propostas relativas á coordinación do centro de información, asesoramento e promoción (SIOPE),
- j) estudar e informar as propostas de creación de asociacións e/ou organizacións específicas de estudantes no seo da Universidade de Vigo,
- k) propoñer as medidas e medios necesarios para que as delegacións de alumnos e alumnas e as asociacións de estudantes recoñecidas na Universidade de Vigo, poidan levar a cabo as actividades que lles son propias,
- l) informar os proxectos de regulamento e normativa da súa área de competencia.

CAPÍTULO IV

DA COMISIÓN DE RECLAMACIÓNS E DA REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 19. *A Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado non permanente.*

1. A Comisión de Reclamacións a prazas de profesorado contratado, encargada de resolver as reclamacións contra as resolucións das comisións para xulgar prazas de persoal docente e investigador contratado non permanente, estará presidido pola persoa que ocupe a vicerreitoría da área de profesorado e constituída por:

- a) seis docentes con vinculación permanente á universidade, garantindo a presenza de un por cada ámbito científico existente na Universidade de Vigo, e dos que, polo menos, catro terán que posuír o título de doutor ou doutora.
- b) unha persoa representante do alumnado.

2. Esta comisión será elixida polo Consello de Goberno, mediante maioría absoluta, en votación secreta, por un período de catro anos, agás no caso da representación do alumnado a elección será por dous anos. As vacantes que se produzan cubriranse mediante nova elección.

3. Para proceder a esta elección, as candidaturas deberán ser avaladas por, polo menos, dez membros do Consello de Goberno.
4. A elección, dentro de cada un dos sectores, farase de entre os que figuran nunha lista única de cada sector, que se elaborará despois de abrir un prazo de presentación de candidaturas, debendo figurar na mesma o campus e ámbito de coñecemento ao que estean asignadas as candidaturas.
5. Cada votante só poderá dar o seu voto a un máximo a catro candidaturas, das cales poderán corresponder ao mesmo xénero un máximo de dúas.
6. Serán elixidas as persoas máis votadas de cada lista ata o número de postos a cubrir. Nos casos de empate dentro dunha mesma lista terá preferencia a candidatura do xénero menos representado na comisión. Se este procedemento non resolve o empate será elixida a candidatura de maior antigüidade na Universidade de Vigo. De persistir o empate terá preferencia a candidatura de maior idade.
7. A emisión de voto será directa e secreta. O dereito de sufraxio é persoal e intransferible. Non se admitirá a delegación de voto, nin o voto anticipado, nin o voto por correo.

Artigo 20. *A reforma do regulamento.*

1. A iniciativa para a reforma do presente Regulamento correspóndelle á reitora ou ao reitor, ou a un vinte por cento dos membros do Consello de Goberno.
2. As propostas de reforma dirixidas á presidencia do Consello de Goberno deberán ir acompañadas dun texto articulado e da argumentación na que se fundamentan.
3. O debate para a reforma do Regulamento terá lugar nunha sesión extraordinaria do Consello de Goberno.
4. Previamente ao debate para reformar o Regulamento someterase á consideración do Consello de Goberno a conveniencia de proceder á súa reforma, e no caso de considerarse adecuado, abrirase un prazo de presentación de emendas e suxestións ao texto presentado.
5. A reforma do Regulamento requirirá a aprobación por maioría absoluta do Consello de Goberno, en primeira votación, e polos tres quintos dos presentes, en segunda.

Disposición adicional. Será supletoria a normativa estatal básica en materia de actuación dos órganos colexiados en todo o non previsto nos Estatutos da Universidade nin no presente Regulamento.

Disposición final. Este Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno.